



REGULAMENTO

A Gladiator KIDS Concello Rianxo - ASANOG está pensada para que os máis pequenos da casa poidan gozar dun día en familia facendo deporte.

Artigo 1º.- Organizador.

A Gladiator KIDS é unha carreira para nenos/as sen carácter competitivo organizada pola empresa NOKAO que se celebrará no Concello Rianxo (A Coruña).

Artigo 2º.- Día e lugar de celebración.

A proba realizarase o 18 de Outubro a partir das 16:30 horas.

Artigo 3º.- Participación e idade mínima.

Na proba poderá participar calquera neno/a que o día da celebración da proba teña cumprida a idade entre 3 e 12 anos e que aceptase devandito regulamento no momento de formalizar a inscrición.

Artigo 4º.- Percorrido e grupos de idade.

Haberá dos franxas de idade que realizará cada unha delas un percorrido diferente:

- Franxa de 3-5 anos: Percorrido de 500 metros aprox.
- Franxa de 6 a 11 anos: Percorrido de 900 metros aprox.

Artigo 5º.- Horarios e Saídas da Carreira.

A proba empezará ás 16:30 horas mediante un sistema de “Quendas”. Cada 5’ sairá unha quenda composta por un máximo de 15 nenos/as cada unha.

2 días antes do evento enviarase a cada participante o horario e quenda na que participará.

Artigo 6º.- Cronometraxe e premios.

Ao ser unha proba de carácter lúdico e benéfico e non competitiva, non se realizará ningún tipo de cronometraxe por chip ou similar e entregárase un obsequio a cada participante ao finalizar a proba.

Artigo 7º.- Inscrición e recollida de dorsais.

A inscrición terá un prezo de 6 euros e incluírá camiseta e medalla finisher.



A proba será **100% solidaria grazas a Banco Mediolanum e ao proxecto Mediolanum Aproxima**, destinándose a recadación a favor de **ASANOG (Asociación de Axuda a Nenos Oncolóxicos de Galicia)**.

O obxectivo de ASANOG é contribuír ao benestar dos menores con cancro e das súas familias, tanto en aspectos médicos, psicolóxicos, asistenciais como económicos, e mellorar a atención e asistencia sanitaria en Galicia, para que os nenos reciban o mellor tratamento posible e a máxima calidade de vida.

Obxectivos principais:

- Mellorar a atención médica: Impulsar e mellorar a atención sanitaria para asegurar o mellor diagnóstico, tratamento e curación posible dos nenos con cancro.
- Apoio integral ás familias: Ofrecer asistencia médica, psicolóxica, asistencial, económica e laboral aos menores e ás súas familias.
- Calidade de vida: Fomentar o desenvolvemento afectivo e educativo dos nenos e das súas familias, garantindo a mellor calidade de vida posible a pesar das circunstancias.
- Formación e concienciación: Colaborar no mellor coñecemento destas enfermidades, fomentar a investigación e a formación de profesionais en oncoloxía pediátrica.

Máis información: asanog.org

A inscrición realizarase a través da páxina web oficial do evento
<https://gladiatortraceoficial.com/>

Artigo 8º.- Adultos.

A Gladiator Kids é unha carreira exclusiva para menores pero estes poderán ir acompañados dun adulto ao longo do percorrido. Os adultos non poderán superar os obstáculos senón só acompañar e axudar ao menor. Deberá situarse detrás ou á beira do mesmo e será imprescindible o respecto e *fair play* quedando PROHIBIDAS accións como o gritar, insultar, empuxar ou arrastrar a calquera participante.

Artigo 9º.- Seguros.

A organización dispoñerá dunha póliza de seguro de responsabilidade civil e dun seguro individual. Deste xeito, todos os menores, estarán cubertos pola póliza de seguro de accidentes contratada pola Organización.

Artigo 10º.- Seguridade e percorrido.

O percorrido estará marcado e sinalizado. En caso de lesión comunícao ao responsable da proba máis próximo para que solicite asistencia a través da radio.



Artigo 11º.- Suspensión da proba.

A organización resérvase o dereito de variar o punto de saída ou de chegada, atrasar a hora da carreira, así como suspendela por causas alleas aos promotores, comunicándoo na web e redes sociais oficiais do evento.

Artigo 12º.- Uso dos datos dos participantes.

A Organización resérvase os dereitos das imaxes, fotografías, vídeo e información das probas, así como de utilizar todo este material para anuncios, relacións públicas ou calquera outro propósito xornalístico ou de promoción da carreira e outros eventos de GLADIATOR RACE.

Os datos referentes ao desenvolvemento da proba e/o actividade (fotos, vídeos etc.) poderán ser publicados na nosa páxina web e en calquera outro medio que poida dar promoción á mesma, e poderán ser cedidos ás entidades colaboradoras e patrocinadoras da proba e/o actividade, coa finalidade do bo desenvolvemento da mesma.

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, GLADIATOR RACE infórmalle que os datos da persoa rexistrada serán incorporados ao ficheiro xeral de usuarios de actividades propiedade desta sociedade cuxa finalidade é manter e cumprir coas obrigacións que dimanen da participación nesta probas e/o actividade, o que inclúe o envío de sms e correos electrónicos informativos sobre a actividade, desenvolvemento, clasificación etc., e novas convocatorias de actividades.

O rexistrado poderá revogar o seu consentimento, así como exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro no correo eventos@nokao.es

Artigo 13º.- Responsabilidade dos participantes.

Cada adulto que se responsabiliza da inscrición do menor á proba garante que o participante non ten ningunha enfermidade ou circunstancia excepcional coñecida que lle poida implicar unha lesión ou problema de saúde derivado da realización da mesma.

Artigo 14º.- Aceptación do Regulamento.

Mediante a miña inscrición na GLADIATOR KIDS, comprométome a cumprir a normativa que regula a proba, así como as indicacións dos directores de carreira. Acepto este regulamento recolleito na páxina web <https://gladiatraceoficial.com/>
